

V.2. Modelo de declaración de cesión e tratamento de datos en relación coa execución de actuacións do Plan de recuperación, transformación e resiliencia (PRTR)

(Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de recuperación, transformación e resiliencia)

D./D.^a

co DNI _____, como

- ☐ titular do órgano,
☐ conselleiro/a delegado/a ou
☐ xerente/a da entidade

...

co NIF _____ e domicilio fiscal no seguinte enderezo:

Na súa condición de

- ☐ beneficiario de axudas financiadas con recursos provenientes do PRTR,
☐ que participa como contratista ou
☐ subcontratista no desenvolvemento de actuacións necesarias para a consecución dos obxectivos definidos no Compoñente « _____ », declara coñecer a normativa que é de aplicación, en particular os seguintes apartados do artigo 22 do Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12/02/2021, polo que se establece o Mecanismo de recuperación e resiliencia:

1. A letra d) do apartado 2: «recoller, para os efectos de auditoría e control do uso de fondos en relación coas medidas destinadas á execución de reformas e proxectos de investimento no marco do plan de recuperación e resiliencia, nun formato electrónico que permita realizar procuras e nunha base de datos única, as categorías harmonizadas de datos seguintes:

- i. O nome do perceptor final dos fondos.
- ii. O nome do contratista e do subcontratista, cando o perceptor final dos fondos sexa un poder adxudicador de conformidade co dereito da Unión ou nacional en materia de contratación pública.
- iii. Os nomes, os apelidos e as datas de nacemento dos titulares reais do perceptor dos fondos ou do contratista, segundo se define no artigo 3, punto 6, da Directiva (UE) 2015/849 do Parlamento Europeo e do Consello (26);
- iv. Unha lista de medidas para a execución de reformas e proxectos de investimento no marco do plan de recuperación e resiliencia, xunto co importe total do financiamento

público das devanditas medidas e que indique a contía dos fondos desembolsados no marco do Mecanismo e doutros fondos da Unión».

2. Apartado 3: «Os datos persoais mencionados no apartado 2, letra d), deste artigo só serán tratados polos estados membros e pola Comisión para os efectos e pola duración da correspondente auditoría da aprobación da xestión orzamentaria e dos procedementos de control relacionados coa utilización dos fondos relacionados coa aplicación dos acordos a que se refiren os artigos 15, apartado 2, e 23, apartado 1. No marco do procedemento de aprobación da xestión da Comisión, de conformidade co artigo 319 do TFUE, o Mecanismo estará suxeito á presentación de informes no marco da información financeira e de rendición de contas integrada a que se refire o artigo 247 do Regulamento financeiro e, en particular, por separado, o informe anual de xestión e rendemento».

Conforme ao marco xurídico exposto, manifesta acceder á cesión e o tratamento dos datos cos fins expresamente relacionados nos artigos citados.

, de de

Asdo.:

Cargo: